

A NATURALIDADE NA POESÍA DE XIANA ARIAS

O «TOP» GALEGO

Miguel Anxo Fernán-Vello e José Luis Peixoto curáronme a dor do ventre provocada como sempre polos nervios e a tensión do traballo diario; é o que ten o xornalismo. Fernán-Vello, xa o saben, non é médico, é poeta; Peixoto tampouco o é, doutor, é poeta tamén, novo aínda e portugués. Por certo, non coñecía a súa poética e sorprendeume; non, máis, marabilloume. Ambos os dous ofreceron un recital na Coruña, dentro do ciclo que organiza a delegación municipal de Cultura e que coordina Yolanda Castaño. Espléndido. Moitos estabamos de pé e iso, cando se fala dun recital de poesía, é extraordinario.

O caso é que saín do recital con menos dor. Acudo á poesía sobre todo para curar os males, polo menos daqueles que aínda teñen remedio.

Non sei se pode ser poeta alguén coa tensión alta e 279 de colesterol; sempre pensei que un poeta debía ser un bo observador, atento ao detalle máis livián, alguén tranquilo, especial. Estaba errado; ou



POESÍA

«Acusación»

Xiana Arias. Editorial Galaxia.
91 páxinas. ***

iso ou definitivamente non son poeta.

Pensei en todo isto agora porque na contracapa do poemario *Acusación*, de Xiana Arias, que acaba de editar Galaxia, leo: «¿Que é o que nos doe para necesitar a poesía?».

Se tivera espazo suficiente comezaría cunha reflexión: cantos necesitamos da poesía para curámonos de dores. Moitos, milleiros, millóns. Só contando os que escoitamos a Sabina. Digo milleiros porque a poesía non só está nos libros, está nunha canción, nunha imaxe, nun xesto, en infinidade de cousas, ata nas máis simples: as máis das veces está no mirar mesmo, nos sentidos, por iso pervive (en nós).

Vén isto último a fio do poemario *Acusación*. Da poesía de Xiana Arias gústame sobre todo a súa naturalidade. Esa aparente sinxeleza que acaba por ser naturalidade e é quen de trasladar a poesía ao teu mirar, aos sentidos. E así os poemas de Xiana Arias é como se nunca acabaran, como se os deixara abertos para que os continúe un. Provócache ese estado e é de agradecer; a min polo menos pásame, miren: «Unha cama de herba / e voume ao sur»... e eu tamén e agradézollo e recomendo este novo poemario seu.

Miguel Sande



1. A praia dos afogados

Domingo Villar. Galaxia.

2. Unha historia que non vou contar

Xosé Cid Cabido. Xerais.

3. A cociña de larpeiros

Benigno Campos. Galaxia.

4. Ollos de auga

Domingo Villar. Galaxia.

5. 55 mentiras sobre a lingua galega

Xosé H. Costas. Laivento.

6. Sete palabras

Suso de Toro. Xerais.

Librerías consultadas: Casa dei Libro

CALIFICACIÓN

*** MUY BUENO

** BUENO

* CORRECTO

● MEJORABLE